

A primeira vacina contra a covid-19 de España producirase nunha empresa do Porriño

Páxina IV

Salceda supera os 5.000.000 no seu orzamento anual

Páxina VII

O tudense David Fernández Campión de España Junior de BTT Enduro

Páxina IX

A soprano Ainhoa Arteta actuará en Tui en outubro

Páxina IX

O desafío "La Icónica" chega ao Baixo Miño a finais de setembro

Páxina XII



A Deputación pon en marcha un programa de actividades ecoturísticas no territorio transfronteirizo do Miño

Páxina XIV



OPINIÓN

Por Ramón Coira Luaces

A persistencia do culto solar en Galiza

O culto solar alcanzou a súa maior intensidade en Europa na Idade do Bronce. Algúns dos petróglifos desta época, por exemplo as espirais, crese que eran símbolos solares. Trátase este dun culto universal, porén para non estenderme demasiado non vou falar do Antigo Exipto, da América precolombina, etc. A agricultura levaba consigo o culto ao sol e a luna e aos ciclos vitais da Terra ligados a eles, nun desexo de propiciar boas colleitas, ben co coñecemento froito da observación, ben coas prácticas má-



Pórtico de Santo Estevo de Ribas de Miño

xico-relixiosas. Na cultura galaica ou castrexa hai numerosos símbolos solares tallados en pedra e, hogano, reproducidos noutros materiais, aínda populares como o tríscele e a rosácea hexapétala. Disque os lexionarios romanos ficaron fascinados nas costas galegas co espectáculo do sol poñéndose no mar, no que se cría a fin do mundo. No monte Facho, preto de Cangas, había un altar precristián adicado ao deus Berobreo (relacionado co alén e coa morte) e, posteriormente, un ara romana, onde se facían ofrendas. Entre os lexionarios romanos do Imperio tardío foi tamén moi frecuente o culto a Mitra ou ao sol invicto, co que se identificaba. Era frecuente tamén no cristianismo a representación da cruz, acompañada do sol e da lúa, xunto co alfa e omega. O culto solar perviviu no tempo moitos séculos e así vemos como no edicto Correctione Rusticorum do 574, de Martiño de Dumio, aínda se rendía culto aos astros, ao lume, xunto con outras mani-

festacións da natureza. Na capela de San Miguel de Celanova do ano 940, pódese observar como nos equinoccios de primavera e outono o sol entra por unha ventá e sae por unha celosía oposta, en forma de rosácea hexapétala, atravesando a igrexa coa súa luz, nun fascinante espectáculo silencioso. Na Igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño, na Ribeira Sacra lucense, de cuxa edificación xa hai constancia no s. XII, podemos contemplar como no pórtico da súa entrada aparece unha figura solar -de inspiración celta- e outra lunar. E nunha ménsula da parte de

atrás aparecen as estrelas. Hai máis exemplos e coido que os mesmos rosetóns das igrexas e catedrais fanse eco deste culto... Todo isto sinálanos unha cristianización dos lugares sagrados precristiáns e dun sincretismo relixioso, do que tanto se ten falado. Aínda na Idade Moderna represéntase a rosácea hexapétala, símbolo solar nacido na Idade do Bronce, como símbolo benfeitor e protector (e tamén a de oito radios, que tamén é símbolo solar). Até hai pouco (e coido que hogano tamén, aínda que penso que xa só como símbolo decorativo) se representaba no rural galego nos xugos, artesas, cabeceiros das camas, cabazos,... As mesmas fogueiras de San

Xoán, no solsticio de verán, e a Noiteboa / Nadal, no de inverno, tamén teñen aquí a súa orixe. Porén nesta Galiza misteriosa e milenaria, que felizmente non acaba de morrer, gárdanse moitos máis vestixios dun pasado remoto: tesouros ocultos que agardan seren descubertos.



Equinoccio en San Miguel de Celanova

atrás aparecen as estrelas. Hai máis exemplos e coido que os mesmos rosetóns das igrexas e catedrais fanse eco deste culto... Todo isto sinálanos unha cristianización dos lugares sagrados precristiáns e dun sincretismo relixioso, do que tanto se ten falado. Aínda na Idade Moderna represéntase a rosácea hexapétala, símbolo solar nacido na Idade do Bronce, como símbolo benfeitor e protector (e tamén a de oito radios, que tamén é símbolo solar). Até hai pouco (e coido que hogano tamén, aínda que penso que xa só como símbolo decorativo) se representaba no rural galego nos xugos, artesas, cabeceiros das camas, cabazos,... As mesmas fogueiras de San

Xoán, no solsticio de verán, e a Noiteboa / Nadal, no de inverno, tamén teñen aquí a súa orixe. Porén nesta Galiza misteriosa e milenaria, que felizmente non acaba de morrer, gárdanse moitos máis vestixios dun pasado remoto: tesouros ocultos que agardan seren descubertos.

Conquistadores

Os conquistadores non están moi ben vistos actualmente e paréceme ben. Os conquistadores españois causaron estragos en América, principalmente, e os pobos indíxenas non o esquecen. Respetemos a súa memoria. Os portugueses tamén causaron estragos no seu imperio. João da Nova, do que falei recentemente, ademais de explorador e navegante, tamén era un conquistador. A súa vida chea de aventuras despertou a miña curiosidade, porén como conquistador que foi, non debe ser glorificado. Para construímos un mundo en paz



talvez debéramos glorificar máis poetas e artistas e menos conquistadores. Prodúcese arrepíos ver como a ultradereita e a dereita non é capaz de ver dun xeito crítico a Historia colonial española e presume dela fachendosa, ignorando as súas enormes sombras e a súa turbia e dramática realidade. E eu case fago o mesmo con João da Nova. Porén a riqueza duns pobos labrouse coa miseria e o sufrimento doutros. E iso é lamentábel. A codicia desmedida lévanos á destrución: do Terceiro Mundo e do planeta. João da Nova tivo unha vida chea de aventuras e despertou a miña curiosidade; pero non por iso se debe enturbiar a fonte de auga fresca na que un bebeu.

Por Luis Mac Beath


NOVAS de TURONIO
BOLETÍN DE CULTURA E DEBATE

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

Por Xoán Antón Pérez-Lema

O fracaso do Ingreso Mínimo Vital

O confinamento producido pola pandemia xerou a exclusión de millóns en todo o Estado e a UE, nomeadamente persoas que vivían de ingresos informais, persoas empregadas de fogar non protexidas e contratados temporais e eventuais, adoito a medio de ETT e empresas de externalización de servizos. O Goberno do Estado non reaccionou axiña, pois que dixo precisar tempo para deseñar un instrumento de integración social potente de xeito que “ninguén ficase atrás”. Velaí que até o 1 de xuño non se aprobara a normativa do Ingreso Mínimo Vital (IMV). Normativa xa bastante demorada, mais aínda a tempo de contribuir parcialmente a resolver o problema do grave incremento da exclusión social (xa de seu moi importante antes da pandemia). O Goberno do Estado tiña detectadas 75.000 persoas sen ingresos, titulares de prestación con fillo a cargo, que axiña lles foi concedida esta prestación en troques da que viñan percebendo. Calculaban que, para máis, existirían entre 700.000 e

1.000.000 de novos beneficiarios. Coa fin de agosto había máis de 700.000 solicitudes adicionais, si, mais só 4,000 foran aceptadas.



Velaí que o Goberno Sánchez deseñara mal este instrumento, esterilizándoo por mor de complexos requisitos condicionais, algúns sen sentido ningún, como os que: i) vetan ás persoas que percibisen no 2019

ingresos superiores á paga por prestacións de xubilación e incapacidade non contributivas, cando non se están a resolver os problemas do 2019, senón os problemas xerados pola pandemia do 2019 e ii) vetan ás unidades familiares nas que un só dos seus membros desenvolve funcións de administración de sociedades mercantís, cando moitas persoas non poden cesar neses cargos pola falla dos recursos precisos para a liquidación de empresas que moitas veces levan sen actividade real catro, sete ou dez anos.

Para máis a xestión do IMV foi unha catástrofe. Porque o Goberno do Estado, por razóns recentralizadoras puramente ideolóxicas, non quixo cogobernar coas autonomías e concellos, que son as únicas que teñen medios para desenvolver esta tarefa. O Ministerio de Seguridade Social ficou como un elemento extraño e fracasou o aparello administrativo estatal, ao lle sobardar cun traballo que só se podería desenvolver a xeito polas autonomías e concellos.

Alén deste fracaso xestor por mor de

decisións recentralizadoras, cómpre sinalar que agravou todas estas circunstancias a falla de capacidade das Administracións Públicas (AA.PP.) todas para dixitalizar as súas actuacións,. O problema é que estamos a mallar en cidadanía que sofre a fenda dixital pola súa pobreza e exclusión, usando a tecnoloxía como murul no canto de axuda.

Son, pois, fracasos gravísimos de concepción e xestión que están a mover ducias de milleiros de cidadáns dun lugar cara outro con papeis que conteñen información que xa posúe o Goberno do Estado. E isto todo para nada.

Cómpre, logo, unha inmediata reforma normativa que implemente unha Renda Social Básica temporal-despois definitiva-sen requisitos agravados de condicionalidade. Porque a xente ten que lle dar de comer aos seus fillos todos os días e pagar a lus e o teléfono móbil todos os meses. E porque estes recursos, ademais de humanizar a vida, benefician inmediatamente ao comercio e hostalería locais.



Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Eu, ti, el... todos nós podemos galeguizar

Non é a primeira vez que lemos na prensa escrita notas de denuncias polas limitacións ao uso do galego facendo fincapé na responsabilidade que teñen as administracións públicas no proceso de normalización lingüística. As obrigas que teñen son evidentes. Pero esquecemos que as máis das actividades dos cidadáns atinxen a súa esfera persoal e a eles compételles escoller o idioma para realízarlas. Non son poucas. A galeguización do país virá tamén da decisión que eles tomen deliberadamente.

Para que así sexa, cómpren que as instancias institucionais incidan na cidadanía salientando a importancia que teñen os seus actos persoais no uso da lingua galega, por acción ou omisión.

É evidente que se un clube de fútbol utiliza o galego nas relacións cos seus siareiros, estes estimarán máis o idioma. Ou se todos, en xeral, amosamos preferenza polos produtos etiquetados en galego, estamos a modificar estratexias comerciais equivocadas. E que dicir se os cemiterios tivesen máis lápidas en galego, como corresponde a un pobo que ten lingua propia

que queda esluída na memoria colectiva ano non ser utilizada para perpetua?

Os xulgados e demais órganos xurisdiccionais ditarán máis sentenzas en galego se todos os que acudimos a eles para dirimirmos conflitos interpersoais nos expresamos oralmente ou por escrito no noso idioma, e a maiores solicitámoslles que se nos dite sentenza en galego.

Non teñen acaso importancia os documentos xurídicos (testamentos e contratos de todo tipo) que gardamos na casa para as xeracións vindeiras? De darmoslles a importancia que teñen, os nosos fillos e fillas, así como familiares directos, aprenderían a valorar unha lingua na que expresamos sentementos, desexos ou acordos, propiedades e bens mobles e inmobles.

Temos un aplísimo marco xurídico que nos permite exercitar os dereitos lingüísticos. Velaquí un resumido catálogo de galeguización que depende da decisión persoal para aplicalo na vida cotiá: **1.- Actividade xurídica e xudicial.** a) Contratos con avogados e procuradores, instando a que a defensa se faga en lingua galega oralmente e por escrito perante os órganos

xurisdiccionais nas vistas orais, como partes ou testemuñas. b) Solicitar do órgano xurisdiccional competente que se dite sentenza en lingua galega. **2.- Actos sociais** (relixiosos ou civís). Banquetes (bauticeiros, comunións, vodas, funerais, cabodanos...) **3.- Actos xurídicos documentados** en rexistros, notaría e outras instancias oficiais: a) De aluguer. b) De compra e venda. c) Constitución de sociedades mercantís. d) Escrituras de constitución de hipotecas e propiedades horizontais. e) Declaración de herdeiros, e en todos os demais previstos polas leis. **4.- Artes escénicas e Libros.** Acudir ás representación das artes escénicas na nosa lingua, e consumo de libros en galego. **5.- Bilingüismo pasivo.** Nas relacións cos familiares e xente en xeral, utilizar a lingua galega, aínda que os máis falen en castelán. **6.- Comisións de festas.** En calidade de ramista ou membro integrante delas, exercer o dereito a galeguizalas. **7.- Contratos de obra** a) Con contratistas, arquitectos e apareladores e demais técnicos para elaboren proxectos maiores e menores. **8.- Contratos de servizos:** a) De gas, electricidade, telefonía...b) Pólizas de seguros e decesos. c) Con entidades financeiras. d) Con outras entidades comerciais. **9.- Ensino. Utilizar a lingua galega:** a) Nos apuntamentos escolares. b) Nas relacións co profesorado. c) En exámes. d) Preocuparse pola infancia

no ámbito familiar.

10.- Necrolóxicas. Galeguizar lápidas funerarias e esquelas. **11.- Postos de traballo.** Utilizar o galego en todo aquilo que a lei permita, que non é pouco. **12.- Produtos comerciais.** Amosar a preferenza no consumo polos produtos etiquetados en lingua galega. **13.- Publicidade.** a) Comercial -rotulada, estática e impresa-, e b) en todo tipo de negocios. **14.- Relacións coas administracións públicas.** Indiscriminadamente. **15.- Relacións documentais coas entidades recreativas.** Solicitar das que se é socio que as relacións escritas sexan en galego. **16.- Relacións sindicais.** Instar aos comités de empresa para que estes inclúan na negociación colectiva: a) o dereito a recibir información, nóminas e contratos, en galego, e b) incluír os dereitos lingüísticos dos traballadores.

Por lei, as administracións públicas, teñen o deber de fomentar o uso do galego en todas as ordes da vida social, económica e cultural. Pero de cada un de nós depende que a correlación de forzas sexa maior a prol do galego. Todo é posible se o esforzo persoal está dirixido cara a consecución dun fin: darlle maior pulo á lingua e cultura galega.



LOURINHA

O PORRIÑO

A Alcaldesa e a Concelleira de Educación comprobaron os protocolos no primeiro día de volta ás clases

A Policía Local supervisa a seguridade nos accesos aos centros docentes

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, acompañada da concelleira de Educación, Lourdes Moure, acudiron esta mañá ao CEIP “Antonio Palacios” para comprobar in situ o desenvolvemento dos protocolos anti-covid no primeiro día de volta ás clases.

Andrés Vieitez, director do colexio e outros membros do claustro de profesores explicaron á comitiva municipal como fixeron o reparto e distribución de espazos seguros para as diversas actividades docentes, tempos de lecer e servizos de Plan Madruga e comedor escolar. O CEIP Antonio Palacios ten preto de 400 alumnos. Xunto co CEIP “Fernández López”, tamén con 400 alumnos, son os dous colexios con máis matrículas do Porriño.

“A normalidade, pese as restricións esixidas, foi a boa nova



deste primeiro día de actividade docente no Porriño”, sinalou Lourdes Moure que agarda que “mañá sexa igual de tranquilo” coa incorporación ás aulas dos alumnos de outros cursos de Infantil e Primaria, ata completar a cifra estimada de 1.500 escolares nese nivel na nosa vila.

A vindeira semana, será a quenda dos estudantes de ESO, FP e Bacharelato que, aproximadamente son outros 1.500 máis.

Tanto no CEIP “Antonio Pa-

lacios” coma nos restantes centros docentes de Educación Infantil, Primaria e Especial do Porriño, realizouse polos axentes da Policía Local e continuará nestes primeiros días do curso, un control para verificar que o acceso ás instalacións sexa conforme aos protocolos establecidos e se faga coas debidas garantías de seguridade e de xeito ordenado. Tamén se efectuará a mesma vixilancia na saída dos escolares.

Unha empresa do Porriño será a primeira de España en producir unha vacina contra a covid-19

O Concello manifesta “o seu orgullo de que unha empresa asentada no Porriño” sexa a primeira de España en producir unha vacina contra a Covid-19. Trátase de “Biofabri”, filial do grupo “Zendal” que foi elixida pola compañía norteamericana “Novavax” para realizar a produción da vacina para a Unión Europea, segundo o acordo anunciado.

“Para Porriño constitúe un motivo de ledicia e satisfacción que unha fábrica asentada en Torneiros reciba esta encarga o que acredita o alto grao de especialización e recoñecemento

a nivel mundial que ten a nosa industria”, valorou Eva García, alcaldesa de O Porriño.

Hai que lembrar que no pasado mes de xullo, o ministro de Ciencia, Pedro Duque visitou as instalacións de “Biofabri” en Torneiros, despois da concesión de preto dun millón de euros en subvencións do Goberno de España para continuar esta investigación en vacinas.

A alcaldesa subliñou que a actual fábrica de “Biofabri” e o grupo empresarial “Zendal” ao



que pertence “ten as súas raíces nos proxectos de familias como os Fernández López que crearon o grupo Zeltia hai máis de 80 anos”.

Eva García ofreceu a “Biofabri” “toda a colaboración que sexa posible dende o Concello”.

O PP esixe a comparecencia da Concelleira de Cultura

O grupo municipal do Partido Popular do Porriño solicitou a comparecencia da concelleira de Cultura, Camila Moreira (BNG), para que explicara ante o pleno municipal e ante a veciñanza sobre a compra de equipamento cultural a Xerpo Cultural SL.

Esta compra, valorada en 24.151,60 euros, foi un monto aos que entidades veciñais e culturais como AC Pontellas, AC As Mimosas, AC A Forná, AAVV San Salvador de Torneiros, AAVV San Benito e San Sebastián e Asociación de Amas de casa Os Rosaís,

deberon renunciar para que se destinasen a axudar a autónomos e empresarios do municipio afectados pola crise sanitaria.

Contando co apoio da alcaldesa Eva García de la Torre (PSdG), Moreira alegou que este monto sería destinado para a renovación do equipamento cultural e do auditorio do centro cultural, así como para reforzar a colaboración coas asociacións culturais e veciñais. O PP esixiu igualmente á edil de Cultura que dera explicacións sobre a reubicación das salas cedidas para as actividades de asociacións do casco urbano.

Pavimentados diversos viais en Torneiros

O 7 de setembro comezaron as obras de pavimentación de diversos viais no polígono residencial de Torneiros, proxecto que acomete o Concello do Porriño para a mellora das comunicacións nesta parroquia.

O orzamento da obra é aproximadamente de 90.000 e a súa execución licitouse en data recente pola administración municipal. Os viais pavimentados son da fase II, da fase IV, V e o vial principal da fase III, segundo re-

colle o proxecto.

Segundo explicou o concelleiro de Infraestruturas e Urbanismo, Pedro Pereira, “a motivación de realizar estas obras é os viais de accesos ao polígono estaban moi deteriorados”. O concelleiro citou, a título de exemplo, “o estado no que se atopa o vial da fase II, no acceso ao colexio Antonio Palacios”. Pereira apuntou que “aproveitaremos, unha vez rematado o asfaltado, para reordenar os aparcamentos nas inmediacións do colexio”.

O Porriño medra en emprego por terceiro mes consecutivo

David Alonso, concelleiro de Emprego salientou nunha declaración oficial, que “O Porriño ven de acreditar en agosto, por terceiro mes consecutivo, un descenso do número de parados rexistrados o que confirma a boa labor de todo o tecido empresarial e industrial do noso concello que é quen de superar o difícil escenario económico actual”.

Segundo os datos difundidos polo SEPE, O Porriño rexistrou un descenso do 1,5% o que se traduce que 27 desempregados acadaron traballo no mes de agosto. En

xullo, foran 81 as persoas que saíron do paro rexistrado no Porriño e no mes de xuño, 78. É dicir, nos últimos tres meses houbo 186 altas de contratación no Porriño, segundo os rexistros do SEPE.

“Coido que O Porriño marca tendencia na área metropolitana de Vigo tanto en formación e inserción laboral”, manifestou o edil Alonso Bargiela que considera que estes resultados “evidencian o bo traballo que se está a realizar desde Porrempego”.

O PORRIÑO

Festas do Cristo 2020 no Porriño

Cumprindo cos protocolos sanitarios previstos pola COVID 19, o Concello do Porriño inaugurou formalmente este 9 de setembro as tradicionais Festa do Cristo 2020, que se celebraron nesta localidade pontevedresa entre o 1º de setembro e o 4 de outubro do presente ano.

A alcaldesa Eva García e a Concelleira de Festas e Cultura, Cami Moreira, foron as encargadas de inaugurar formalmente estas festividades que, nesta ocasión e tomando en conta as medidas pertinentes para combater a pandemia, foron catalogadas como "distintas".

Así, respectando os respectivos protocolos sanitarios e con aforo limitado durante toda a programación, as Festas do Cristo 2020 en Porriño contaron



con diversas actividades recreativas, entre as que destacaron a realización do emblemático Festival de Cans de curtametraxes (2 a 5 de setembro), suspendido meses atrás por mor da COVID 19.

Exposicións, obradoiros de animación, música, roteiros, concertos, xogos de PlayMobil, pasarrúas e a igualmente tradicional Festa dos Callos, adornaron a vila porriñense nestas Festas do Cristo 2020.

Visita do Concelleiro de Emprego a "Staroil Porriño", empresa colaboradora co programa "Porriño Accede"

Unha delegación do Concello do Porriño encabezada por David Alonso, concelleiro de Emprego realizou hoxe unha visita ás instalacións da estación de servizo da firma "Staroil" no polígono da Granxa.

Pablo Val Rodríguez, responsable de dirección e operación de este grupo empresarial de orixe galega, explicou como están a medrar por todo o territorio nacional e expresou ao concelleiro Alonso Bargiela, o agradecemento de "Staroil" pola colaboración estreita co Concello do Porriño que agardan "aínda sexa maior".

Precisamente "Staroil" é unha das empresas colaboradoras co programa "Porriño Accede" de cursos de formación con prácticas.

O obxectivo desta colaboración foi proporcionar a persoas en desemprego unha oportunidade laboral por medio da formación. "Staroil Porriño" parti-



cipou no deseño da formación e na acollida de alumnos en prácticas, ofrecendo continuidade laboral a catro deles. "A empresa manifestounos que hai interese en dar continuidade a esta colaboración", indicou o concelleiro de Emprego.

"No que leva de ano, esta Concellería organizou tamén cursos de formación con prácticas en loxística e carretillas elevadoras, ademais de realizar talleres para a adquisición de técnicas

para a busca de emprego, obradoiros de entrevista e formación en intelixencia emocional", manifestou David Alonso.

Tamén se celebrou no Multiusos de Torneiros, a entrega de diplomas, en colaboración coa Fundación Laboral da Construción, aos 16 alumnos que participaron no curso básico de Prevención de Riscos Laborais de 60 horas de duración máis o curso específico de oficio de 6 horas para postos de albanelería.

A Alcaldesa do Porriño pide reunión ao novo Conselleiro de Sanidade para tratar o proxecto pendente de ampliación do Centro de Saúde

Alcaldesa, Eva García de la Torre, solicitou por carta unha reunión ao novo Conselleiro de Sanidade para abordar o estado do proxecto de ampliación do Centro de Saúde do Porriño. A alcaldesa lembra ao novo titular do departamento, Julio García Comesaña que hai meses firmou co seu antecesor, Jesús Vázquez Almuiña o convenio para ampliación de dito centro de saúde.

Eva García traslada na misiva ao novo conselleiro a felicitación no nome de todos os porriñeses polo seu nomeamento. E a con-

tinuación, a alcaldesa expon a preocupación no nome dos porriñeses nos seguintes termos: "quero que sexas consciente do desfase que temos nun concello que xa ten superada os os 20.000 habitantes e que carece de infraestruturas sanitarias modernizadas coma as de concellos limítrofes Tui ou Salceda, onde a Xunta de Galicia foi quen de facer novos centros de saúde para servizo dos veciños".

A alcaldesa porriñesa pecha a súa carta solicitando "gustaríame poder expoñerte estas cuestións de forma persoal o día e a hora que consideres".

O Concello amosa a súa "grave preocupación" pola escalada de sinistros laborais



O Concello do Porriño amosa a súa "grave preocupación" pola escalada de accidentes laborais con saldo mortal que están a acontecer este ano en empresas radicadas neste termo municipal. Preto de media ducia de vítimas no que levamos de 2020, sumando o falecemento dun traballador dunha empresa de granito no polígono das Gándaras, ocorrido onte martes. Como nos casos anteriores, dende a Alcaldía, a súa titular, Eva García trasladou as condolencias do Concello por este doloroso suceso.

Pola súa banda, David Alonso, concelleiro de Emprego expresou a inquedanza do goberno municipal por esta vaga de sinistros e lembrou que dende a administración municipal e a través de "Porremprego", realízanse cursos de formación en seguridade e prevención de riscos laborais de xeito gratuito.

"Non obstante semella que cumpre reforzar eses programas de formación en estreita colaboración e coa implicación das empresas para poñer freo a esta sucesión de accidentes laborais", manifestou o concelleiro de Emprego.

LOURINHA

O Ministerio de Fomento amosa disposición favorable a ceder ao Concello o tramo da N-120 entre Cans e a rotonda do Confurco

O Concello do Porriño trasladou ao Goberno Central a petición de que o tramo da estrada Nacional 120, entre Cans e a rotonda do Confurco sexa cedido á administración municipal. A alcaldesa Eva García e o concelleiro de Infraestruturas, Pedro Pereira expuxeron a petición a Maica Larriba, subdelegada do Goberno Central e a Pablo Alonso, representante da Demarcación de Estradas do Estado dependente do Ministerio de Fomento.

Os interlocutores da administración central amosaron “unha disposición favorable á cesión, aínda que condicionada a sexa respaldada por un acordo plenario da corporación municipal porriñesa”, explicou despois da reunión a alcaldesa. “Pola nosa banda tamén condicionamos a cesión a que sexa dotada dunha partida



Reunión da Alcaldesa e o Concelleiro de Infraestruturas coa Subdelegada do Goberno.

orxamentaria por parte do Ministerio de Fomento para acometer a urbanización dese tramo”, engadiu Eva García.

No encontro celebrado na Subdelegación do Goberno en Pontevedra, abordáronse outros asuntos entre os que cabe subliñar a petición do Concello do Porriño para que Fomento arranxe a xunta de dilatación dun viaduto na

Risca que sobrevoa por riba da Autovía A-55 e que constitúe un perigo para os vehículos que transitan por esa ponte.

Por último, a delegación porriñesa reiterou unha proposta para que o Ministerio de Fomento e “Audasa” contemplan un acceso á autoestrada AP-9 en Torneiros que xa fixera o Concello do Porriño hai anos.

Executada a mellora de camiños rurais municipais en tres lugares de Chenlo



Remataron as obras de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas nos lugares de Ladeira, As Cales e Vilar, na parroquia de Chenlo, segundo informa a Concellería de Infraestruturas que dirixe Pedro Pereira.

Estas obras consistiron na mellora do firme e da drenaxe. Realizáronse cunetas novas para a recollida de augas pluviais e os camiños pavimentáronse con

aglomerado quente de 5 cms de espesura.

Pereira manifestou que “estes camiños atopábanse en moi mal estado e a súa reparación propúxose pola concellería de Infraestruturas para acollerse a estas subvencións da AGADER”.

A actuación tiña un orzamento de 49.000 € e o Concello recibiu unha subvención da AGADER (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural), outorgada e confirmada no mes de agosto.

Eva García ofrece a súa mediación aos traballadores de “Maderas Iglesias” e instará unha reunión conxunta de alcaldes/as co Conselleiro de Industria

A plantilla da firma porriñesa “Maderas Iglesias” solicitou a Eva García de la Torre que inste unha reunión conxunta de alcaldes dos concellos afectados por la crise desta firma co conselleiro de Industria e vicepresidente económico da Xunta, Francisco Conde.

Actualmente “Maderas Iglesias” conta con 148 traballadores, veciños de concellos da zona. Os que máis teñen son de Porriño, Salvaterra, Mos, Pontearreas, Salceda e Vigo.

Eva García, acompañada de Lourdes Moure, concelleira de Facenda, comprometeuse a trasladar a invitación ás alcaldes e alcaldes destes concellos para que se sumen á petición de entrevista co conselleiro de Industria.



Os representantes dos traballadores trasladaron á alcaldesa a súa inqueda polo inminente anuncio da poxa do inmoible da fábrica como consecuencia dunha resolución do Xulgado nº 3 do Porriño, segundo sentenza do pasado mes de agosto. O inmoible está valorado en 28 millóns de euros por unha peritación xudicial pero os traballadores temen que

se sexa vendido por unha cantidade moi inferior e con miras ao negocio inmobiliario.

“Maderas Iglesias” foi un dos fabricantes de tarima flotante máis importantes do sector pero desde que estallou a burbulla inmobiliaria leva unha década en perdas e cunha imparable redución de plantilla con nove EREs consecutivos.

Inclúese unha comunidade de augas máis no reparto de subvencións do concello

Finalmente son dez as comunidades de augas de consumo que acadaron subvencións do Concello do Porriño para realizar control sanitario, mantemento de instalacións e reparacións na rede de distribución durante o ano 2020.

Sumouse a comunidade de Chan-Casal-Orbenlle ás nove comunidades de augas beneficiadas das que informamos a finais de xullo e que son: Cerquido; Rozadas-Eirís; Atios; Torneiros; San Jorge-Mosende; Chenlo; Carracido; Budiño-Cruz e Cans.

A comunidade de Chan-Casal-Orbenlle quedou fora por un erro burocrático e atendeuse a reclamación que formulou. Concédenselle 7.813 € de subvención para financiar o 80%

do proxecto presentado.

Deste xeito, finalmente, suman un total 59.976 euros as achegas municipais que se repartirán entre as dez comunidades solicitantes, conforme resolución final e definitiva da comisión de avaliación que presidiu o concelleiro de Infraestruturas, Pedro Pereira asistido por tres técnicos municipais.

As achegas maiores corresponden a Cerquido, San Jorge-Mosende, Chenlo e Cans que recibirán o importe máximo que estaba limitado nas bases da convocatoria a 8.000 euros.

As restantes recibirán: Chan-Casal-Orbenlle, 7.813 €; Atios, 7.647; Rozadas-Eirís, 5.914 €; Torneiros, 2.800 €; Carracido, 2.542 €; e Budiño-Cruz, 1.258 €.

SALCEDA DE CASELAS

Salceda supera os 5.000.000 € de orzamento anual

O Concello de Salceda de Caselas ven de aprobar inicialmente o seu orzamento para o ano 2020. As contas, por un total de 5.000.340€ supoñen un incremento de cerca de 200.000€ respecto do orzamento anterior, o que lle permite ao Concello ir achegándose á súa necesidade real de gasto.

O capítulo de persoal, un dos máis grandes e que máis aumenta, recolle como novidade a consignación económica necesaria para os postos de Tesourería (que pasa a ser de habilitación nacional) e Oficial de Policía. Estes postos resultan fundamentais para unha mellor optimización do traballo municipal, o que sen dúbida se verá reflexado nos servizos prestados á cidadanía.

O capítulo de inversións recolle 313.835€ que se reparten en distintas partidas, como pavimentación de vías, mellora de edificios ou adquisición de bens.

A pesar da situación de inactividade que están a ter en xeral as asociacións por mor da COVID, tal e como xa anunciara o equipo de goberno, mantéñense os



92.000€ en subvencións nominativas para o tecido asociativo de Salceda, aos que hai que sumarlle máis de 30.000 € destinados a apoio de eventos culturais e deportivos e deportistas individuais, canalizados a través da partida de protocolo e propaganda.

Lucía Pereira, Concelleira de Facenda, agradeceu o traballo dos departamentos de intervención e tesourería nun ano complexo coma este, destacando que "en pouco máis dun ano de goberno fomos quen de aprobar dous orzamentos, cumprindo deste xeito

co acordo establecido no pacto de goberno. Tamén a Conta Xeral está a piques de rematar o período de exposición pública, o que nos permitirá aprobala dentro dos prazos establecidos".

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda: "Unha vila como Salceda, tan dinámica e en constante crecemento, require uns orzamentos actualizados que poidan dar resposta ás necesidades da nosa veciñanza. Prantexamos un orzamento real que para min como Alcaldesa supón unha enorme satisfacción polo grandísimo traballo de equipo que hai detrás".

O antigo centro de saúde terá uso sociocomunitario



O Concello de Salceda de Caselas ven de aprobar inicialmente a mutación demanial interna do seu antigo centro de saúde para destinalo a usos de carácter socio-cultural, educativo ou de benestar social. A proposta foi aprobada por unanimidade dos tres grupos políticos da corporación.

O enorme dinamismo social do Concello de Salceda fai precisa a dotación de novos espazos que acollan a multitude de iniciativas tanto públicas como as que parten do tecido asociativo, así como para cubrir as necesidades da xuventude salcedense, polo que o trámite que ven de aprobarse resultaba fundamental.

Cabe lembrar que o Concello puxo tamén o edificio do antigo centro de saúde a disposición da Consellería de Educación da Xunta de Galicia para que puidese ser empregado como centro edu-

cativo nestes momentos de pandemia e poder deste xeito diminuír as ratios dos centros do municipio, resposta que ata o de agora non tivo resposta. Por este motivo a mutación inclúe o uso educativo que permitiría acoller os nenos e nenas se así o estimase a Xunta de Galicia.

O edificio, situado na Rúa Compostela, en pleno centro urbano, quedou sen uso o pasado 29 de xullo coa apertura do tan demandado novo centro de saúde. O inmovible é de titularidade municipal, polo que agora será o Concello o que busque novos destinos para o mesmo.

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda: "temos a sorte de contar cun Concello dinámico con multitude de iniciativas sociais, culturais e deportivas, polo que seguiremos a buscar novas alternativas e novos espazos para que esta riqueza da nosa vila poida seguir a ser unha realidade".

O barrio da Bouzavedra completará a súa rede de saneamento

A vindeira semana comezarán as obras do proxecto de ampliación da rede de saneamento de Bouzavedra, na parroquia de San Xurxo, que lle vai permitir a 24 casas contar con este servizo esencial. O proxecto, en marcha xa dende a lexislatura pasada, sufriu un importante retraso por mor da COVID19, pero agora por fin se fai realidade. Os últimos detalles para o inicio da obra concretáronse esta mañá nunha reunión presidida pola alcaldesa, Loli Castiñeira, con asistencia de parte do equipo de goberno, a empresa constructora, a directora da obra e o xerente do Consorcio do Louro.

Prevese a construción dun colector de 760 metros de lonxitude

que funcionará mediante un sistema de bombeo, conectado á rede existente actualmente na zona, e que se realizará na súa totalidade a través de terreos de titularidade pública. O proxecto, que conta cun orzamento de 157.097,18 €, foi adjudicada por unanimidade polo Consorcio do Louro a Construcciones Vale, ten un prazo de execución de 6 meses e será executada cos fondos do Consorcio de Augas do Louro dentro do libro de ruta para a construción de novos tramos de saneamento nos catro Concellos (Salceda, Mos, Porriño e Tui).

O proxecto supón un novo paso na consecución do saneamento integral de Salceda, aínda que lembran dende o Concello que a

día de hoxe a Xunta segue sen executar os proxectos de saneamento das parroquias de Soutelo e Entenza, despois de que devolvesen os fondos europeos por non poñer o 20% que lle correspondía á Xunta. Precisamente esta semana dende o Concello remitiuse unha nova solicitude de reunión coa Conselleira, e xa van catro, para tratar sobre esta cuestión, pois ata o de agora ningunha das tres solicitudes anteriores obtivo resposta.

Rubén González, concelleiro de medioambiente: "Dentro das limitacións orzamentarias continuaremos facendo esforzos xa sexan con fondos propios ou xestionando financiación para avanzar no saneamento integral de Salceda."

**Seguimos ofrecéndolles
información interesante
na nosa WEB**

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítenos

EIXOATLANTICO
JORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DE GALICIA

LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

Salceda retoma a modificación puntual das normas subsidiarias no Cerquido co apoio de Zona Franca

Alcaldesa, Loli Castiñeira, a Concelleira de Urbanismo, Verónica Tourón, os técnicos municipais, e parte do equipo de goberno reuníronse con David Regades, delegado da Zona Franca de Vigo, e o seu equipo técnico.

O Salón de Plenos de Salceda de Caselas acolleu a xuntanza de traballo entre o Concello e a Zona Franca de Vigo, na procura de poder sacar adiante a modificación puntual das normas subsidiarias na zona do Cerquido, que contempla a calificación como chan industrial de 623.760 m² dun total de 1.230.115 m² de actuación.

Hai que lembrar que as empresas alí instaladas teñen as súas naves en chan rústico, o cal lles impide ampliar ou reformar as mesmas. Ademais, o Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables do Ministerio de Medio Ambiente inclúe boa parte da área empresarial actual, problemas que se solucionarán coa aprobación da modificación. Por outra



banda abrírase a posibilidade de que se instalasen alí novas empresas, coa consecuente creación de emprego que beneficiaría a Salceda e arredores.

O Concello conseguirá ademais 12.475m² para equipamentos públicos, así como o 10% da edificabilidade en chan industrial.

En canto aos veciños e veciñas da zona do Cerquido, esta modificación garántelles a protección urbanística do núcleo de vivendas xa existente, deixando o núcleo perfectamente delimitado.

David Regades púxose a disposición do equipo de goberno para poder sacar adiante o proxecto e abriu una vía de comunicación entre os equipos técnicos de ámbalas dúas institucións.

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda, agradeceu a boa disposición de Zona Franca e do seu delegado, lembrando a enorme importancia que esta modificación ten para o Concello de Salceda, e a oportunidade única de ordear a principal zona industrial de Salceda.

Salceda xa ten regulamento de participación veciñal

O Boletín Oficial da Provincia (BOP) publicou a aprobación definitiva do regulamento de participación veciñal do Concello de Salceda de Caselas, que entrou polo tanto en vigor, e que será o primeiro regulamento de participación cidadá do Concello de Salceda.

No documento regúlase o rexistro de asociacións municipal e a participación veciñal nas decisións do Concello, e ten como eixo fundamental a creación do Consello veciñal, que canalizará a participación cidadá, e que celebrará sesións abertas ao público. Para a creación do Consello, as asociacións que o desexen poden presentar xa a súa solicitude de participación no mesmo.

O mencionado regulamento é un dos compromisos do acordo entre os dous partidos do equipo de goberno. Ámbolos dous grupos defenden a participación cidadá como un dos puntos fundamentais da política local, considerando indispensable que os elementos dinamizadores da vida social teñan unha participación activa na vida política do Concello e actúen como complemento enriquecedor

da democracia representativa.

Verónica Tourón, concelleira de participación cidadá: “impulsamos así un concello aberto e democrático, fomentando a participación da veciñanza, acandando deste xeito unha convivencia plena de dereitos e unha preocupación pola problemática social e cultural do noso pobo, mellorando as condicións de vida de Salceda”. “Como responsable da área alégrome moito deste feito e lamento que o PP non apoiase este regulamento porque a participación da veciñanza debería ser o eixo da acción política de calquera color”.

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda: “O dinamismo social da nosa vila débese ver reflexado na participación na vida pública, e este regulamento ofrécenos unha nova canle directa para que o tecido asociativo, en representación da nosa veciñanza, participe nas decisións públicas que afectan a Salceda. En pouco máis dun ano levamos mantido reunións con 53 asociacións do municipio, e agora damos un pasiño máis na súa total integración no día a día do municipio”.




GASOLEOS
TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO



PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



REPSOL

O Concello de Tui acometeu obras de mantemento e conservación en todos os centros educativos

O Concello de Tui vén de realizar obras de mellora en todos os centros educativos do municipio. O obxectivo foi dar resposta ás necesidades dos oito colexios tudenses incluídas as 6 unidades do Colexio Rural Agrupado, CRA, Mestra Clara Torres, distribuídas nas parroquias, e tamén da Escola de Música e do Conservatorio de Grao Medio.

A Concellería de Educación, cunha partida inicial de 55.000€, levou adiante traballos de mantemento e conservación en todos os centros do municipio. Amais trasladou una partida de 40.000 €, da área de Cultura á de Educación, para facer fronte ás necesidades derivadas da grave situación sanitaria que estamos a vivir nestes tempos de pandemia.

As obras máis importantes foron de fontanería. Así adecuáronse as billas de todos os colexios de Infantil e Primaria a esta nova normalidade, instalando preto de 100 novas billas. Tamén se colocaron dispensadores de xel hi-

droalcohólico nas entradas das aulas e portas principais, abríronse xanelas, adecuáronse aulas para ter maior amplitude, colocáronse videoproteiros, etc.

Actuouse tamén nos patios de dous centros educativos. Realizáronse obras de acondicionamento do patio do C.E.I.P. de Pazos de Reis, e levouse adiante o proxecto dunha área lúdico-educativo, financiada a través do Plan Concellos do ano 2018, cun importe de 40.000€, no patio do C.E.I.P. de Rebordáns.

Outras obras executadas foron a reforma dos baños de infantil no C.E.I.P. nº2, e dos baños do C.E.I.P. de Foxo en Caldelas. Tamén está previsto neste inicio de curso o cambio da caldeira no C.E.I.P. de Guillarei, obra demandada por toda a comunidade educativa dende fai anos.

A maiores o Concello de Tui, ante a non intervención da Concellería de Educación acometerá o reforzo en desinfección nos centros educativos en horario lec-



Baños do CEIP Foxo en Caldelas.

tivo cun importe de preto de 100.000€, sendo unha actuación non contemplada inicialmente pero explica a concelleira de Educación, Sonsoles Viveros que "entendemos que o primeiro e a seguridade sanitaria de todos os escolares, que en Infantil e Primaria se achegan aos 1.300 alumnos e alumnas".

As obras foron acometidas con fondos propios do Concello e da Deputación de Pontevedra.

O tudense David Fernández Campión de España Junior de BTT Enduro

O corredor da A.D.AVANZA desprazábase ata o Pirineo Aragonés como un mais dos sete seleccionados pola Federación Galega de Ciclismo, para participar no campionato de España de Enduro, sendo esta a primeira modalidade que pon os seus títulos estatais en xogo neste 2020. A falta de probas de este ano facía que os Riders visen incrementadas as súas inquietudes e gañas de poñer a proba o seu nivel físico ante a falta de competicións por culpa da pandemia do COVID 19.

O Rider da escola de ciclismo A.D. AVANZA o tudense David



Fernández vixente campión Galego de Enduro 2019 desprazábase ata o Pirineo Aragonés para levar as cores da selección galega ó mais alto do podio proclamándose campión de España 2020 na modalidade de Enduro.

A soprano Ainhoa Arteta actuará en Tui en outubro



No marco da VIII Edición do Festival de Teclado da Eurocidade Tui-Valença do Minho (IKFEM), a soprano vasca Ainhoa Arteta actuará no Teatro Municipal de Tui o 7 de outubro ás 21:00 horas, nun concerto en colaboración con Afundación.

Arteta é unha das artistas mais recoñecidas da ópera internacional. Ten actuado en escenarios emblemáticos como o Metropolitan Opera al Carnegie Hall de Nova York, o Covent Garden Opera House de Londres, o Bayerische Staatsoper de Múnic e Scala de Milán, entre outros

A soprano vasca presentará en Tui o seu recital "Canciones del recuerdo", un repertorio de grandes autores españois como Enrique Granados, Antón García Abril e Ernesto Halffter e os argentinos Carlos Guastavino e Ariel Ramírez. Arteta lucirá un vestido deseñado especialmente por Ágatha Ruíz de la Prada.

Este concerto, que contará coa participación de Javier Carmona ao piano, emitirase en directo de xeito gratuíto a través de Afundación TV. Un día antes, Arteta ofrecerá un coloquio organizado por Afundación TV.

Ernesto Iglesias Almeida, cronista oficial de Tui, presentou dous novos libros

O pasado 17 de setembro, no Edificio "Francisco Sánchez" (antiga Área Panorámica) presentáronse as das últimas publicacións editadas polo investigador tudense Ernesto Iglesias Almeida. Trátase de "Historia militar de Tui a través de los siglos" e "Os muíños do concello de Tui".

Con estas obras o cronista oficial da cidade de Tui continúa ampliando o ámbito das súas achegas ao coñecemento da historia e do patrimonio cultural da localidade, combinando sempre o rigor baseado no amplo coñecemento da documentación e a divulgación para achegar a todos os interesados o coñecemento deste amplo

acervo patrimonial.

Ernesto Iglesias ten editado máis de vinte libros e innumerables artigos de investigación e xornalísticos nos que aborda diversos aspectos da historia,

da arte, da cultura... sempre relacionados con Tui e a súa contorna. Grazas ao seu labor investigador, ligado ao seu traballo no Museo e Arquivo Histórico Diocesano, o coñecemento da historia tudense é moito máis amplo.

En recoñecemento a este amplo bagaxe o Concello de Tui acordou, no ano 2004, o seu nomeamento como Cronista Oficial e entregoulle a medalla de ouro da cidade tudense.

A presentación destas dúas publicacións estivo presidida polo alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro González.



BAIXO MIÑO

O CRA do Rosal, listo para a volta ás aulas

O Concello do Rosal traballa co CRA María Zambrano para unha volta ás aulas segura. Atendendo ao novo protocolo pola COVID-19, os operarios municipais remataron estes días os traballos de mellora e preparación das distintas unitarias, nas que se acondicionaron os espazos para poder acoller a todo o alumnado con seguridade e con todas as medidas de prevención necesarias. Por este motivo, retirouse unha parte do mobiliario e procedeuse á renovación de parte do material escolar. Ademais, colocáronse dispensadores de xabón e papel de man en todas as aulas.

Xunto con estes traballos, o Concello tamén levou a cabo du-

rante o verán diferentes obras de mellora. Unha das máis destacadas é a construción dunha rampla para persoas de mobilidade reducida en Pancenteo e estase rematando o peche do espazo exterior do centro. Aquí tamén se procedeu

a acondicionar o baño para nenos e nenas que hai no comedor, puxéronse extintores e preparouse a instalación para unha pantalla de televisión. Ademais, os traballadores municipais arranxaron o cuarto do



colgadoiro.

Pola súa banda, no CRA en Fornelos pintouse a aula de Primaria e en Novás arranxouse a cancela de acceso á vivenda e reparouse o chan da aula de infantil.

O Rosal aplica o desbroce selectivo para a recuperación dos bosques de ribeira



O Concello do Rosal aposta por un novo modelo de desbroce máis ecolóxico e sostible que permita diferenciar a vexetación que se debe eliminar da que non. A través deste desbroce selectivo búscase a recuperación do bosque de ribeira no río Carballas, minimizando o avance de especies invasoras e permitindo o aninamento de diversos animais, o que permite conservar os hábitats naturais dunha gran variedade de especies.

Dende a Concellería de Medio Ambiente estanse dando pasos para garantir a conservación destes bosques de ribeira "e a rexeneración da vexetación ac-

tual, xa que de continuar cos desbroces de toda a zona en poucos anos a actual arboreda desaparecerá", salientou a alcaldesa, Ánxela Fernández.

Este tipo de desbroce permite a conservación dunha vexetación fundamental para o equilibrio ecolóxico da zona, xa que os bosques de ribeira funcionan como protectores de solo e auga, reducindo a sedimentación, mantendo a calidade da auga e impedindo a entrada de contaminantes. Forman ademais corredoiros que contribúen á conservación da biodiversidades, subministran alimento e refuxio á fauna ou absorben e fixan o dióxido de carbono.

Valado o Parque Infantil dos xardíns de Troncoso en Tui ante os numerosos actos vandálicos

O Concello de Tui procedeu ao precintado e vallado da parte inferior do Parque Infantil situado a carón dos Xardíns de Troncoso, no Paseo Familia Álvarez Blázquez. Esta decisión vén motivada polos reiterados actos vandálicos que estaban a rexistrarse nos elemen-

tos do parque que foran renovados recentemente tras o seu acondicionamento para cativos de 0 a 5 anos, cun investimento de 13.752,38€, e que estaban aínda pendentes de rematar polo que esta zona estaba xa precintada. Pese a iso rexistrábanse pintadas nos elementos de xogo, numero-

sos desperfectos nos mesmos coa substracción mesmo de parafusos co conseguinte risco que isto pode supor, amais de lixo tirado pola superficie desta área de lecer infantil. É por iso que ademais da cinta colocáronse tamén vallas.

A diario se realiza a desinfección dos parques infantís de Tui.

GTBica mahen

mahen audíprótesis

Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

Pilar Alonso monta a súa intervención artística na Aula COVID de Tomiño

A artista Pilar Alonso xa comezou a montaxe de 'Súbeo á nube', un proxecto de intervención que busca facer máis acolledora e cálida a futura Aula COVID de Tomiño. O Concello transformará a Casa da Cultura nun aula de estudo con acceso a internet para que os e as estudantes teñan un lugar axeitado e cómodo para estudar e acceder a medios telemáticos en caso de posibles rebrotes de coronavirus ou un novo confinamento. O edificio, usado antigamente como cine, ten uns teitos de máis de 6 metros de altura, espazo no que Alonso creará unha nube física con todo o coñecemento gardado en papel e que foi dixitalizado e subido á nube virtual nalgún momento.

Tras un chamamento á veciñanza a que doara as enciclopedias, libros de estudo, apuntes... que tiveran na casa, a artista comezou a fiar cada folla "para tecer esa nube que vai ser como



un tornado de papel que sube, rizando cada papel para que a estrutura tivese un efecto de subida e fora máis aéreo". Un traballo laborioso que permitirá crear unha nube de 40 metros cadrados por riba das bateas de iluminación do que será un espazo de encontro para a mocidade.

Tanto a artista como o Concello agradecen a gran resposta dada pola veciñanza, que doou numeroso material para poder levar adiante o proxecto, xa que nesta

nube estarán subidas enciclopedias publicadas dende os anos 60 ata o 2005.

O Concello de Tomiño investirá 50.000 euros na adecuación deste espazo en Aula COVID, que complementará o servizo de medios informáticos que presta a Aula CeMit. Ademais, para garantir a saúde de todas e todos os usuarios, a aula contará con distintas medidas de seguridade, como distancia mínima entre persoas, mamparas e xel hidroalcohólico.

Tomiño agasalla as súas persoas centenarias



Olga Ruggiero, centenaria de Tomiño.



Sara Portas



Sara Rodríguez

Tomiño pide axuda ao Goberno e á Xunta para solucionar o tema da falta de cobertura telefónica

O Concello de Tomiño vén de pedir axuda ás administracións autonómica e central para lograr unha solución ao tema da falta de cobertura de telefonía móbil e internet en distintas zonas do municipio, que cada vez é peor.

A alcaldesa Sandra González dirixiuse, concretamente, á subdelegada do Goberno en Pontevedra, M^a Carmen Larriba García, e ao xefe territorial da Consellería de Economía e Industria, Ignacio Rial Santomé, explicándolles en sendas cartas a situación que vive a veciñanza de moitas zonas do municipio, ás que non chega a cobertura prometida no seu momento polas compañías de telefonía.

A rexedora explica nas misivas os trazos característicos da vila, con 14.000 habitantes, dos cales un 60% ten menos de 60 anos; cunha economía que se asenta nun sector agrario importante,

coa planta ornamental á cabeza da produción e exportación, e tamén pequenas empresas e autónomos que traballan dende as súas vivendas, sobre todo, na situación sanitaria pola que estamos pasando.

"A cobertura de telefonía móbil está sendo un lastre para os veciños e veciñas, que ven entorpecida a súa vida diaria, e tamén para o sector empresarial, que non pode desenvolver ben a súa actividade... núcleos con alta densidade de poboación onde non hai cobertura con ningunha compañía", explica a alcaldesa. Trátase de "zonas escuras" coma, por exemplo, a estrada PO-552 no treito Carregal-Torrón, ao longo de case 10 km. Polo mesmo, as queixas da veciñanza que, por mor do Covid-19, traballa máis dende a casa que antes, son continuas no Concello.

A ambos mandatarios a alcal-

desa pide que demanden ante as compañías unha mellora do servizo de telefonía móbil e que tomen as medidas para facer que se estendan as coberturas de internet que estaban previstas.

Asemade, a rexedora local dirixiuse de forma simultánea a cada unha das compañías que operan na zona, explicando que no novo contexto de crise, o traballo remoto ten sido e segue a ser de vital importancia para boa parte da poboación, polo que se precisa un bo funcionamento das novas tecnoloxías. "Actualmente, os veciños e veciñas teñen trasladado a este Concello múltiples queixas pola deficiente cobertura, sobre todo, nas horas punta; un malestar que compartimos e do que deixamos constancia a través dos escritos enviados, agardando que se leven a cabo as melloras precisas para solucionar esta situación coa maior preza posible", advirte.

O municipio pontevedrés de Tomiño, localizado na Mancomunidad do Baixo Miño, conta con 13 persoas que roldan ou superan os 100 anos. A Concelleira de Benestar, Cristina Martínez, quixo facer un recoñecemento a estas persoas centenari@s, particularmente nos casos de Sara Portas, Sara Rodríguez e Olga Ruggiero, polo seu aniversario.

Das trece persoas que roldan o superan os cen anos de idade en Tomiño, once son mulleres e só dous son homes. Entre elas están Sara Rodríguez Salvador, de 106 anos, que con boa saúde e humor relata as súas vivencias e gustos como o fútbol, a lectura e xogar ás cartas.

Outro aniversario centenario en agosto foi o de Sara Portas Besada, natural da localidade

pontevedresa de Barrantes pero "tomiñesa" de corazón. A súa familia e veciños destacan o seu bo humor e o seu gusto ocasional por tomar un "chupito" de licor café.

Finalmente, Olga Ruggiero Cordero cumpriu o seu centenario a comezos de setembro, arroupada pola súa numerosa familia composta por tres fillos, 15 netos e 45 bisnetos. Como a súa coetánea Sara Rodríguez, a Olga tamén lle gusta xogar ás cartas, toda vez mantén unha notable axilidade mental a pesares de sufrir un accidente fai anos que limita a súa mobilidade.

No marco das visitas feitas pola concelleira Martínez a estas avoas centenarias, as mesmas recibiron como agasallos un ramo de flores, unha tarxeta cuns versos de Rosalía de Castro e un marco de fotos feito a man pola artesá Lupe Barreiro.

BAIXO MIÑO

Sanidade reunirse dúas veces por semana cos Concellos de A Guarda, O Rosal e Tomiño para o seguemento da situación epidemiolóxica

No día 14 de setembro tivo lugar a primeira dunha serie de reunións por videoconferencia que a Concellería de Sanidade manterá dúas veces por semana cos rexidores dos concellos de A Guarda, O Rosal e Tomiño, con motivo dos brotes vividos nos últimos días nestes municipios. No caso de Tomiño a situación epidemiolóxica é mellor que na Guarda e O Rosal, pero dada a estreita relación que une á poboación dos 3 concellos, considerouse necesario a participación de Tomiño.

O obxectivo destes encontros será valorar a situación e a evo-

lución de xeito frecuente, e facilitar aos concellos os datos relativos aos casos activos que hai en cada momento.

Nesta primeira reunión Sanidade informou de que en Tomiño existen na actualidade 7 casos activos de COVID19, entendendo como casos activos aqueles que foran positivos na proba de PCR, que aínda non se lles dera a alta médica, e que teñan o seu médico de cabeceira adscrito ao centro de saúde de Tomiño.

Así mesmo, Sanidade informou de que durante a fin de semana non houbo ningún caso máis notificado, o que se valora como

unha boa nova e se espera que sexa unha sinal da boa evolución no territorio.

Sandra González, alcaldesa de Tomiño declaraba que “é fundamental que o goberno autonómico facilite puntualmente aos concellos, que son as institucións en contacto directo coa poboación, os datos oficiais para poder informar e tomar as medidas que, dentro das competencias municipais, sexan necesarias”. Así mesmo, “en Tomiño estase a facer un esforzo continuo e intenso por manter informada á poboación”, e que “unha comisión municipal fai seguemento permanente da situación”.

Apertura de inscricións para o Curso de Pilates 2020-2021 na Guarda



O Concello da Guarda informa da apertura para as inscricións para o Curso de Pilates 2020- 2021, que terá lugar os martes e xoves en horario de 19:00h a 20:00h cun custo de 28,50€/mes.

As inscricións realizarase na

Oficina Municipal de Información Xuvenil(OMIX) ou nos teléfonos 986 61 0000, ext 7 ou no 676 347 890.

O prazo de inscrición mantense aberto ata o vindeiro 30 de setembro.

Máis información na OMIX da Guarda.

A Guarda, sede da 90 edición do Encontro da Federación Internacional Clubes Campistas no 2021

O Concello da Guarda impulsará a súa internacionalización acollendo un importante evento de carácter mundial: a 90ª edición do Encontro Internacional da Federación Internacional de Camping e Caravanning (FICC), a realizarse a mediados de xuño de 2021.

Así, o alcalde guardés Antonio Lomba Paz asinou o Convenio de Colaboración este 19 de agosto xunto con Juan Antonio Cidanes, presidente do Camping Caravaning Club de Galicia- Vigo, para dar cabida ao calendario de actividades previsto para a organización deste evento internacional.

Tamén estiveron presentes no acto João Alves, Presidente da FICC, Montserrat Magallanes, tenente de alcalde e concelleira de cultura do Concello da Guarda, Miguel Merino Ayllón, vicepresidente da Federación Española de Clubes Campistas (FECC), Andrés Sánchez, vogal da Federación Española de Clubes Campistas (FECC), José Iglesias, vogal e responsable das relacións coa



FICC, e José Coello, representante del Camping Santa Trega.

A FICC, fundada en 1933, engloba a 70 entidades enfocadas no camping a nivel mundial. A Guarda gañou a súa elección para celebrar este encontro internacional en 2021 por riba doutras localidades de Polonia, Croacia e Corea do Sur. É a terceira vez que unha localidade española acolle este evento internacional desde 1933.

Durante a rolda de prensa, destacou a valía da Guarda para acoller este evento internacional grazas a súa anterior condición de organizador de tres eventos de acampadas nacionais por parte da FECC. Destacaron

neste apartado a importancia das instalacións do Camping de Santa Trega.

O alcalde Lomba Paz salientou igualmente a importancia que este evento terá para o turismo e a economía da vila guardesa, toda vez albergou as esperanzas de que este evento se realice coa normalidade prevista ante a actual situación do COVID 19.

O Encontro Internacional FICC 2021 reforzará deste xeito a internacionalización da Guarda como vila organizadora de eventos de carácter mundial, uníndos así a outras actividades locais de renome como a Festa do Monte, a Festa da Langosta e do Peixe Espada.

O desafío “La Icónica” chega ao Baixo Miño a finais de setembro



O sendeirismo e a marcha nórdica daranse a man no desafío “La Icónica” que terá lugar os días 26 e 27 de setembro.

O primeiro día coa etapa entre Oia e A Guarda. A segunda comezará na desembocadura do río Miño e rematará en Tui. Todos estes concellos, incluíndo os de O Rosal, Tomiño e tamén as cámaras municipais de Vilanova de Cerveira e Valença do Miño, uníronse a esta iniciativa da que se agarda un amplo respaldo popular. O primeiro en inscribirse foi o actor, presentador de televisión e destacado deportista David Amor, que se ten convertido na imaxe da pro-

ba. As inscricións están abertas na web laiconica.es.

A iniciativa é de novo impulsada por Serafín Martínez, que, como deseñador da ruta, indicou que cada participante terá un dorsal, tanto para a proba de sendeirismo como para a de marcha nórdica, pero non se realizará ningunha clasificación final.

Se sortearán varios agasallos entre os participantes, tanto na ruta de sendeirismo como na de marcha nórdica, entre eles unha viaxe con estancia de varios días en Canarias. Ao mesmo tempo, se premiará tamén á mellor contribución ecolóxica, ao animar aos participantes á recollida de residuos durante o seu traxecto.

A exposición "Galicia Escandinava" chegou ao Concello de Nigrán

O Concello de Nigrán acolleu entre o 31 de agosto e o 10 de setembro a exposición "Galicia Escandinava. O Camiño do Oeste a Santiago de Compostela", que foi exhibida no Auditorio municipal nigranés.

Esta exposición, propiedade da Fundación Carlos Casares e comisariada polo seu secretario Gustavo Adolfo Garrido, realízase no marco das actividades do programa O Teu Xacobeo que impulsa a Xunta de Galicia, en colaboración co Concello de Carral e a Fundación Penzol.

A exposición da conta da relación co Camiño de Santiago e Galicia por parte de países escandinavos como Suecia, Noruega, Dinamarca e Islandia e territorios como as Illas Feröe e as Orcadas. Ten como obxectivo poñer en valor o Xacobeo a través da peregrinación escandinava a Santiago



de Compostela, salientando a riqueza cultural, humana, natural, xeográfica, histórica e de patrimonio material e inmaterial desta vía de peregrinación que desemboca no Camiño Inglés.

A mostra tamén expresa un recoñecemento cara aqueles hispanistas nórdicos que pregonaron as rutas xacobeas como elemento de unidade europea. É o caso particular do filólogo e historiador medievalista Vicente Almazán Climent (1924-2006) e dos seus

traballos de investigación sobre Galicia e as rutas xacobeas nos países escandinavos.

Debe igualmente destacarse que esta exposición ten un significado especial para a Fundación Carlos Casares, tomando en conta que este prestixioso escritor galego, falecido en Nigrán no 2002, tivo unha relación especial con Suecia a través da súa dona Kristina Berg, quen fora a primeira presidenta desta fundación ata o seu pasamento en 2012.

Ábrense novos prazos de inscrición para obradoiros de rap e música urbana en Nigrán

O Concello de Nigrán empregará o rap e estilos afíns (trap, R'n'b, EDM, reggaeton...) para sensibilizar entre a mocidade sobre as desigualdades de xénero e a violencia aparelada. Deste xeito, a través do Centro de Información ás Mulleres (CIM) ofrece unha nova oportunidade para realizar gratuíntamente durante o mes de outubro catro "Obradoiros de Rap e música urbana" a cargo da escola de música de Nigrán 'Gain Over', composta por artistas locais de bandas tan recoñecidas como Blue Monk. O prazo de inscrición permanece aberto ata o venres anterior ao inicio de cada curso e está dirixido a persoas con idades comprendidas entre os 11 e 18 anos, tendo prioridade os em-

padroados (no caso de vacantes poderán participar de outros municipios).

Os obradoiros están financiados polo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, realizándose no propio CIM (Estrada pola Vía, 65) nas seguintes datas: grupo 1, xoves 1 e 8 de outubro de 17:00 a 19:30 e sábados 3 e 10 de 10:00 a 12:00; grupo 2, venres 2 e 9 e sábados 3 e 10; grupo 3, xoves 15 e 22 e sábados 17 e 24; grupo 4, venres 16 e 23 e sábados 17 e 24. As persoas interesadas deberán remitir a folia de inscrición (poderá descargarse no Facebook Cim de Nigrán, Facebook OMIX Concello Nigrán, Instagram OMIX Nigrán) acompañada da copia do DNI ao seguinte enderezo electrónico: cim@nigran.org.

O BNG en Baiona aposta polos servizos públicos municipalizados

Dende o Bloque Nacionalista Galego en Baiona consideramos que, non sabemos si de xeito interesado, se está levando o debate do funcionamento da recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria por un camiño errado. Entendemos que a política dos derradeiros anos amosou a fórmula utilizada polo neoliberalismo, entre outras, para dismantelar os servizos públicos creando Leis que impiden a contratación de persoal para que estes non funcionen e ter a excusa de privatizalos. Nos derradeiros anos sufrimos todo tipo de recortes na sanidade, en educación e nos concellos coa chamada "Lei Montoro". Esta lesiva Lei, promulgada polo goberno do Partido Popular no Estado e apoiada polo goberno municipal do PP en Baiona, é un grave escollo para poder manter os servizos públicos municipalizados. O BNG considera que aquí é onde radica o verda-

deiro debate e o cambio político que se debe dar para fortalecer, apostar e garantir que os servizos públicos sexan o garante da equidade e xustiza social.

Na nova de prensa publicada o 4 de setembro, no Atlántico Diario o voceiro do Grupo Municipal NÓB-Baiona e membro do goberno, o señor Carlos De la Peña asegurou que "una vez que se pongan las dos opciones posibles sobre la mesa se generará un intenso debate". E adiantou que "llegado el momento aceptarán las aportaciones de los cinco grupos de la Corporación al entender que 'se trata de una problemática que afecta a todos'. Concordamos que unha vez que se poñan as opcións haberá un intenso debate e agradecemos que chegado o momento se acepten aportacións do Bloque Nacionalista Galego, non como no derradeiro pleno da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor onde as nosas propostas ao "Protocolo

para a prevención do acoso laboral, sexual e por razón de sexo" non foron admitidas polo propio señor De la Peña que foi o encargado da súa redacción.

Na nova tamén afirma que "Tenemos que hacer un cálculo de cuánto nos costaría actualizar el servicio aunque para ello sería necesario hacer inversiones constantes, mientras que la otra vía se vincula a una externalización total bajo la fórmula de las concesiones por años determinados". Aparte de considerar que estas afirmacións, de ser certas, deberan ser da Concelleira de Medio Ambiente, a señora Rosa Domínguez Roda ou polo propio señor Alcalde, estaremos encantados de analizar en profundidade eses calculos, cando se fagan, para, como se di na publicación, ter un intenso debate porque o Bloque Nacionalista Galego de Baiona está sempre disposto a debater do que sexa.

Baiona paga outro millón de euros polo aparcadoiro do Aral



O Concello de Baiona aprobou, no último Pleno da Corporación, unha modificación de crédito a fin de seguir saldando a débeda contraída polo anterior goberno municipal con Abanca, debido a unha sentenza xudicial tralo rescate do aparcadoiro público do Aral, unha débeda, sinala o Goberno que preside Carlos Gómez "de preto dos catro millóns de euros".

A débeda contraída estase a saldar co cargo ao remanente de Tesourería, é dicir, cos aforros municipais dos que terá que saír

1 millón de euros para facer fronte ao segundo prazo, pactado para este ano 2020. No 2021, haberá que aboar preto de outro millón de euros.

Tamén referido ao parking do Aral, o concelleiro Óscar Martínez, explicou que xa son máis de 100 as novas altas de abonados dende que se fixo pública a nova ordenanza reguladora deste aparcadoiro municipal e que entrou en vigor o mes de agosto. Na nova ordenanza establécese que veciños e veciñas poden ter unha praza para o seu vehículo por só 32 euros ao mes.

PONTEVEDRA

A Deputación pon en marcha un programa de actividades ecoturísticas para achegar visitantes ao territorio transfronteirizo do Miño

Nun acto á beira do río o deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez, acompañado das alcaldesas de Tomiño, Sandra González; do Rosal, Ánxela Fernández; e de Salvaterra Marta Valcárcel; e os alcaldes de As Neves Xosé Manuel Rodríguez; de Tui, Enrique Cabaleiro; e de A Guarda Antonio Lomba, presentou hoxe as actividades ecoturísticas 'Vive o Río Minho' que a Deputación de Pontevedra está a realizar para potenciar o territorio transfronteirizo do río Miño baixo o lema 'Dous países, un destino'.

As actividades -desenvolvidas dentro do proxecto Visit Rio Minho, co-financiado con fondos FEDER, a través do programa 'Intereg V-A POCTEP 2014-2020'-son gratuítas, están dirixidas a tódolos públicos e desenvolveranse entre esta fin de semana e a primeira de outubro nos concellos galegos e portugueses que lindan coa vía fluvial. Haberá sendeirismo, rutas en bici, rutas urbanas e percorridos históricos, visitas a adegas, museos, petróglifos, balsismo, caiaç, gastronomía, e observación ornitolóxica e astronómica, entre outras actividades.

O deputado Benítez destacou que estas propostas pretenden achegar visitantes ao río Miño



entendéndoo como un único territorio, "co obxectivo de construír un destino turístico no que se se ofertan dous países". Segundo dixo, o programa de actividades ten unha oferta diversa que amosa todos os atractivos e riqueza paisaxística, natural, cultural e gastronómica, "para dar a coñecer ao mundo un lugar estratéxicamente situado".

Segundo insistiu, para a Deputación e o AECT Río Minho a consolidación do destino 'Río Minho' é un dos obxectivos estratéxicos, polo que se traballará para manter este programa de actividades ou outro de similares características

nos vindeiros anos. "Este é un proxecto piloto que se vai ben será replicado novamente independentemente de que haxa fondos comunitarios, que se solicitarán expresamente. Polo que aconteceu coas primeiras visitas, para as que se cubriron prazas enseguida e hai unha grande lista de agarda, pensamos que haberá novas edicións sempre co eixo vehicular de gozar do Río Miño", dixo.

Actividades

Segundo explicou o xerente da empresa Xeitura -que desenvolverá a iniciativa-, Raúl Fernández, as propostas para coñecer o Miño divídense en diferentes xornadas

de días completos nas fins de semana consecutivas de entre o 12 de setembro e o 4 de outubro. Para esta primeira fin de semana haberá dúas actividades: Unha ruta de sendeirismo nas marxes do Miño e do río Deva ata o alto da Moura e unha visita a Melgaço e, por outra parte, un descenso no río Miño (Arbo) xunto a unha visita guiada a unha adega en As Neves e a visita aos petróglifos da Coutada. As inscricións completáronse en apenas un día e a lista de agarda chegou ás centos persoas.

Na fin de semana do 19 e 20 de setembro terán lugar a terceira

e a cuarta ruta. A terceira consiste nun percorrido circular pola contorna de Salvaterra, así como a visita á viña e ao Museo do Viño. Ao día seguinte a proposta é unha ruta polo municipio de Monção coñecida como 'A Cova da Moura', unha vista ao palacio da Brejoeira e unha visita a Monção.

A seguinte xornada, do 26 de setembro, inclúe un percorrido en bici pola ecovía do Miño entre Valença e Vila Nova de Cerveira, e unha visita guiada por Valença e Tui. O domingo 27 de setembro realizarase unha ruta de sendeirismo entre a desembocadura do Tamuxe e o porto de Goián, a visita á fortaleza, e un tramo en caiaç polo río.

Finalmente, para o 3 e 4 de outubro plantéxase unha fin de semana completa na que se combinarán as rutas de sendeirismo, a observación ornitolóxica, visitas guiadas, e unha visita dramatizada no castro de Santa Tegra.

Todas as actividades son gratuítas e están destinadas ao público xeral. As inscricións para os eventos realizaranse entre o luns anterior ás 9 horas e ata o xoves ás 23 horas no caso de non cubrir as prazas con anterioridade (entre 45 e 50 por evento) na páxina web da Deputación depo.gal.

A Deputación achega máis de 100.000 euros a dez festivais de música e artes escénicas

Reafirmándose na súa aposta pola cultura o goberno da Deputación de Pontevedra aprobou a concesión dez subvencións a entidades sen fins de lucro para apoiar o desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia. As axudas irán destinadas a festivais que se desenvolven nos concellos de Cangas, Pontearreas, Redondela, Tomiño, Vigo e Vilaboa así como na Eurocidade Tui-Valença.

O total de orzamento destas subvencións, cuxa concesión se realizou por concorrencia competitiva, ascende a 105.000 euros, oscilando as partidas

destinadas a cada un dos festivais entre os 4.000 e os 11.000 euros.

Máis polo miúdo, estas achegas destinaranse as seguintes actividades culturais: Canjazz 2020 – XXIII Festival Internacional de Jazz de Cangas, XXI Festa Folc de Vilariño, XXXVII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, Festival Rock in Río Tea 2020, IKFEM 2020, XIV Festival Alternativo Millo Verde, XXI Festival Internacional de Títeres de Redondela, V Vilablues Festival Internacional de Blues de Tomiño, XXVI Revoltallo de (Cultura e) Música Emerxente e Festival Canteira Fest 2020.

Aberta a inscrición para a segunda "Depo Orienta" do día 27 no monte da Lagoa de Castiñeira

Tras o éxito de participación da primeira ruta no Monte Galiñeiro, a Deputación de Pontevedra abriu o prazo de inscrición da segunda das rutas "Depo Orienta", que terá lugar o domingo 27 de setembro no Monte da Lagoa de Castiñeira. O obxectivo das persoas participantes é realizar no menor tempo posible un percorrido marcado no terreo por puntos de control e coa axuda dun mapa, que se lles entrega xunto co material preciso para a realización da actividade no punto de partida.

As persoas interesadas en asistir poden anotarse de xeito gratuito no sitio web da Deputación (www.depo.gal) ata completar o límite das 200 prazas. Aquelas persoas



que se apunten con posterioridade, ata un máximo de 100, pasarán á lista de agarda. O prazo para inscribirse, de non completarse antes o aforo, rematará o 21 de setembro ás 12 horas.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Ti@
EMPREENDES


**O TEU RURAL
TEN FUTURO**

DIRIXIDO A

Mozas e mozos entre 16 e 30 anos cos seguintes requisitos:

- Inscritas/os no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil
- Residentes nos concellos rurais (con cor no mapa)
- Desempregadas/os
- Non integradas/os no sistema de educación ou formación

ACCIÓNS FORMATIVAS CON BOLSA PARA DESPRAZAMENTO



ACCIÓNS FORMATIVAS DE SETEMBRO DE 2020 A ABRIL DE 2021

Guía por itinerarios en bicicleta
DJ (intensivo)
Márketing dixital
Aplicacións móbiles (apps)

Aplicacións móbiles (apps)
Venda de produtos e servizos
turísticos
Operacións básicas de pisos en
aloxamentos

Guía por itinerarios en bicicleta
Imaxe, vídeo e videoxogos
Servizos de bar e cafetería
Márketing dixital

DJ (intensivo)
Monitor/a deportivo/a en grupo con
soporte musical
Guía por itinerarios en bicicleta
Aplicacións móbiles (apps)
Tendas en liña

Tendas en liña
Servizos de bar e cafetería
Organización e xestión de almacéns
Márketing dixital
Guía por itinerarios en bicicleta

Monitor/a deportivo/a en grupo con
soporte musical
Servizos de bar e cafetería
Imaxe, vídeo e videoxogos

Aplicacións móbiles (apps)

DJ (intensivo)

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

Ti@
EMPREENDES

AXENDA
2030

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
O FSE inviste no teu futuro

GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE POLÍTICA TERRITORIAL
Y FUNCIÓN PÚBLICA

Nace en Vigo a Asociación Mexicanos en Galicia "Chichén Itzá"

O Centro Municipal de Bouzas en Vigo foi o escenario este 15 de setembro da presentación da Asociación Mexicanos en Galicia "Chichén Itzá", a primeira asociación de emigrantes mexicanos oficialmente rexistrada na nosa Comunidade.

Esta asociación é presidida por Lucero Dámaso López, emigrante mexicana en Galicia, actualmente profesora na Escola de Idiomas de Vigo. Dámaso López enfatizou na necesidade de creación desta asociación de mexicanos en Galicia, dos seus obxectivos e prioridades de esta entidade a nivel cultural y asociativo, entre os que destacan a ensinanza do idioma galego entre os mexicanos inmigrantes radicados na nosa Comunidade.

No acto de inauguración desta asociación tamén estiveron presentes diversas asociacións de



Na foto, a súa presidenta, Lucero Dámaso López, co mariachi "Noche de Ronda" de Redondela.

emigrantes radicados en Vigo, así como autoridades e personalidades do seu tecido asociativo local.

O acto de presentación desta asociación coincidiu co 210º aniversario do Grito de Dolores, suceso que conmemora o proceso

de independencia de México, acaecido un 15 de setembro de 1810. O nome da asociación, "Chichén Itzá", literalmente "boca do pozo dos itzá (os bruxos da auga)", fai referencia á cultura e identidade do pobo maia.

Guillermo Campos, único galego no "Top 35" da revista Forbes sobre expertos gastronómicos en España

O pontevedrés Guillermo Campos, creador e actual presidente da Asociación Galega de Xornalistas e Escritores de Turismo (AGAXET) e director da revista HG&T (Hostalería, Gastronomía e Turismo) foi seleccionado entre os 35 mellores xornalistas españois especializados en Gastronomía, de acordo ao ranking suministrado pola revista Tapas, pertencente ao grupo editorial da prestixiosa publicación económica Forbes. Campos é, por tanto, o único galego incluído nesta elite.

A traxectoria de Guillermo Campos no xornalismo enogastronómico é incuestionable. Con máis de 40 anos de experiencia, foi pioneiro no relacionado coa gastronomía e o turismo de Ga-

licia, transmitindo a súa profesionalidade en medios como La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El Correo Gallego, Diario de Pontevedra, a TVG ou a Cadea Ser.

Campos foi tamén creador de numerosos eventos gastronómicos como os Campionatos de Galicia de Cociñeiros, os primeiros Congresos Galegos de Consumo e do sector da Hostalería (CEHOSGA), así como diversos libros en galego e castelán sobre gastronomía e enoloxía.

O seu labor profesional completouse igualmente como conferenciante, analista, crítico, pregonero, membro de diversas Cofradías e asociacións enogastronómicas e turísticas en Galicia, Cataluña e Portugal, onde obtivo a Orde de Cavaleiro do Viño do Porto.

Carmela Silva insta a Feijóo a unha xuntanza "imprescindible" polo COVID 19

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, informou que o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, debe convocar dun xeito "imprescin-

dible" unha xuntanza coas catro Deputacións galegas, á FEGAMP e os gobernos das sete principais cidades da nosa Comunidade, para que informe sobre os recursos extraordinarios que está

a enviar o goberno estatal para enfrontar o novo escenario xerado pola pandemia do COVID 19.

Silva explicou que enviou unha carta a Feijóo con esta petición,

asegurando que as solicitudes anteriores enviadas á Xunta en relación co COVID 19 nunca foron respondidas e argumentando que outras Comunidades Autónomas xa o fixeron reuníndose coas entidades locais.

A presidenta provincial criticou que a Xunta de Galicia non puxera a disposición das entidades locais os recursos que precisaban para

garantir dereitos e servizos imprescindibles derivados da crise sanitaria. Lembrou que a Unión Europea xa aprobou ingresos extraordinarios para os seus Estados membro, así como o goberno estatal habilitou recursos para as Comunidades Autónomas e que as propias Deputacións fixeron o mesmo para as actuacións nos Concellos.

HARCA

